



XXXIV CAMPIONATO GALEGO DE TRAÍÑAS - 2017 IV CAMPIONATO GALEGO DE TRAÍÑAS FEMININO

DATA: 25 de xullo de 2017 (Martes)

HORA: 11,00 horas

A CELEBRAR EN: MEIRA, MOAÑA (PONTEVEDRA)

ORGANIZA: Federación Galega de Remo e o S. D. Samertolameu de Meira coa colaboración do Excmo. Concello de Moaña.

CATEGORÍA, DISTANCIA E XURADO

Categoría: ABSOLUTO MASCULINO - 5.556 metros
ABSOLUTA FEMININO - 2.778 metros

Xurado: Comité Galego de Xuices-Árbitros

NORMATIVA DA REGATA

1.- Esta regata do Campionato Galego de Traíñas, é clasificatoria para o CAMPIONATO DE ESPAÑA DE TRAÍÑAS

2.- **PARTICIPANTES.-** Participarán no devandito Campionato, tódolos CLUBS DE GALICIA que practiquen esta modalidade CON UNHA ÚNICA TRIPULACIÓN por cada Club, tendo en conta que só poden optar á Clasificación do CAMPIONATO GALEGO, as tripulacións dos Clubs que cumpran có establecido no REGULAMENTO DE BANCO FIXO da FER.

3.- **COMPOSICIÓN DAS QUENDAS.-** O Campionato Galego de Traíñas, será a REGATA ÚNICA e polo tanto as Quendas se farán en función dos clubs inscritos e, en todo caso, se terá en conta a súa Clasificación nas diferentes Ligas de Traíñas.

Sendo a Clasificación Xeral polos mellores tempos das quendas.



4.- INSCRICIÓN PARA O CAMPIONATO GALEGO DE TRAIÑAS. Os Clubs que cumpran cós requisitos establecidos no Regulamento de Banco Fixo da FER, e queiran participar no CAMPIONATO GALEGO DE TRAIÑAS, remitirán a FOLLA DE INSCRICIÓN a esta Federación Galega de Remo, por FAX: 981/26.48.33 ou por correo electrónico a secretaria.fegar@gmail.com antes das **12,00 horas** do día **18 de XULLO** (MARTES).

5.- REUNIÓN DE DELEGADOS. Terá lugar ás 10,00 horas, na Sede Social do Club, e terá que asistir un DELEGADO por CLUB participante debidamente ACREDITADO.

ACREDITACIÓNS.- Os delegados dos clubs, levarán a documentación necesaria para a comprobación e verificación da identidade dos remeiros (DNI, PASAPORTE OU PERMISO DE CONDUCIR ORIXINAIS). Outros documentos, para a súa validez, deberán ser avalados polo comité de Regatas.

Así mesmo terán debidamente acreditado o abono das licencias dos deportistas e delegado.

6.- PESAXE DE PATRÓNS E EMBARCACIÓNS. A pesaxe de PATRÓNS, terá lugar no hangar da sede do Club, entre as 10,00 e as 10,30 horas. A pesaxe das embarcacións de acordo có REGULAMENTO será por sorteo de cada Quenda por decisión do Xurado.

A REVISIÓN DO CAMPO REGATAS, REALIZARASE ENTRE AS 9,30 E AS 10,00 HORAS.

7.- CLASIFICACIÓN PARA O CAMPIONATO DE ESPAÑA. Para o Campionato de España clasifícanse as dúas primeiras tripulacións que realicen os mellores tempos da CLASIFICACIÓN XERAL DO CAMPIONATO GALEGO. En caso de existir vacantes tamén poderán optar a participar o 3º ou demais participantes, segundo NORMATIVA DO CAMPIONATO DE ESPAÑA - FER. O LXVIV CAMPIONATO DE ESPAÑA DE TRAIÑAS, celebrarase os vindeiros días 5 e 6 de agosto de 2017, a localidade está pendente de asignar. Ver Normativa da FER.



8.- CAMPO DE REGATAS DE MEIRA, MOAÑA

CAMPO DE REGATAS

